

# A NOVA TERRA

BOLETIN DECENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, ó mes, 40 cts.

Coste d'un número 10 »

Fora, trimestre, 1'50 pts.

América, id. 2 »

Pagos adelantados

Redacción e Administración: PASEO MÉNDEZ NÚÑEZ (Irmandade da Fala)

Número 53

A CRUÑA 30 DE ABRIL DE 1918

## DIVAGACIÓS

A moda é o gusto dos que non-o teñen» dixo D. Enxenio d'Ochoa. Pol-o regular todol-os que, servilmente, sistemáticamente siguen unha moda determinada carecen por comprobante de gusto; mais, *con piacere* adáutanse iso e até perconizan os moldes ideados por outros, porque semél-lales de moi bon ton. Na actualidade fíxose de moda negar todo valimento á música wagneriana, negar todo valimento á obra de Benavente, negar, en fin, todo mérito a aquilo qu'o tén. Algunhos galegos—seguindo unha das modas imperantes—consideraron, ó parecer, custión d'honor o desprestixio da nosa fermosísima lingua rexional e ceibáronse a ista *groriosa* empresa con un entusiasmo digno de mellor causa.

¡Laudatoria empresa, abofé e da que poden hachárense orgullosos! ¡O desprestixio da nosa fermosa fala, da nosa rica literatura pol-a estulticia dos mesmos galegos! Pol-o que s'olla non abundaban as bulras o os alcumes de que, en todo tempo, fumos ouxeto por parte dos habitantes das demais rexións españolas, con unha regularidade matemática e unha prodigalidade emocionante; era mester qu'algunhos galegos, mais papistas qu'o papa, puxeran un escintilante e magnífico colofón *à lista*, farto longa por disgracia, dos aldraxes...

### II

Eisiste unha crás de persoas que forman, dentro do xénero humán, un grupo aparte, con características perfectamente definidas, típicas. Todol-os prexucios seculares, todal-as ideas erróneas, todol-os moldes indeseables, todal-as defecacións espirituales da humanidade, son conservados relixiosamente, fanáticamente, por iste grupo. Os individuos qu'o integran teñen que camiñaren co-a maior lentitud, porque como o seu irmán en flemma, o caracol, levan a costas o antiestético edificio dos seus arcaísmos. Son descendentes lexítimos d'aquelas rémoras de que nos fala Cyrano de Bergerac, que moran hacia a eistremidade do polo, no mais fondo do mar glacial; son irmáns dos que motexaron de todo ó argonauta intrépido que

puxo ós pes dos Reises Católicos o vellocino precioso dos seus descubrimentos... Son aqueles condenados do Alighieri obrigados a camiñar cós pes do revés, ou novas Saras que, por ollar hacia atrais, convírtense en adoquís.

### III

Hai algunhas persoas que, pol-a sua disgracia e pra tormento dos mais, se non queren convencere de qu'él de todo punto imposible qu'o home poida sere omnisciente. A omniscencia soio cabe en Deus. Dende o contumaz remendón que s'erixeu en crítico do famoso pintor grego, pasando por aquel amigo de Miguel Anxel, con ollos de toupa, até un célebre Ministro da Guerra que pasaba revista n-automóvil, foron moitos os que se convenceron, pasenfiamente da verdade d'iste aserto.

Derradeiramente un *Labrador* (moi *à moderna*, iso si) abandonóu, por un instante, as bucólicas faenas propias da sua profesión pra empuña-lo agudo escalpelo da sua crítica.

O ceu treméu, e Apollo de torvado,  
Hum pouco a lus perdeo, como enfiado;

e, naturalmente, o tal *Labrador* qu'enxergue moito d'abonos, procedimentos e zonas de cultivo, etc., etc., resultóunos en materia de crítica poética, un crítico completamente *à violeta*.

O que foi, *illo tempore*, o seu colega San Isidro adicabase á ouración entramentras deixaba qu'arasesen soias as suas mulas; iste outro *Labrador* imitóuno no d'abandonare as suas tarefas labradoiriles, mais non siguéu o enxemplo do Santo en canto á ouración. E todos sairíamos ganando si o seguise: nosoutros, porque non faría crítica, i-él, porque non facendo crítica ouraría, cousas amas que, seguramente, terianselle en conta o día do xucio.

Decididamente, é mester ter moi persente aquilo de: «Zapateiro ós teus zapatos». Ou como diría certo señor, con tono doutoral: *Ne, sutor, supra crepidam*.

PEDRO V. BETHANCOURT.

PRA UNHA ANTOLOXÍA

## Letras irmáns

Continuando o camiño iniciado no número 51 d'iste boletín, douamos oxe ós nosos leutores un anaco da fermosa composición «A os simples», co-a que prologa un dos seus admirabres poemas o grande poeta portugués Guerra Junqueiro, do que pode decírese ó que Barrés decía de si mesmo: «que é a sua persoa viva encarceada». Guerra é un poeta de combate, de loita, irmán xemeo do noso Curros Enríquez. As mellores cordas da sua lira eistremecéronse de dór diante do espírito inxerme dos humildes, e n-eles vibran de cote os outivos acentos de rebeldía que s'acochan en todol-os peitos fortes. Lendo un gran cristiano a sua musa fixo niño no xardín do helenismo...

Velaí o fragmento:

Minha mãe, minha mãe! ai que saudade inmensa,  
Do tempo em que ajoelhava, orando, ao pé de ti.  
Cahia mansa a noite; e andorinhas aos pares  
Cruzavam-se voando en torno dos seus lares,  
Suspensos do beiral da casa onde eu nasci.  
Era a hora em que já sobre o feno das eiras  
Dormia quieto e manso o impávido lebrén.  
Vinham-nos da montanha as canções das ceifeiras,  
E a lua branca, alem, por entre as oliveiras,  
Como a alma d'um justo, ia em triumpho ao ceo!...  
E, mãos postas, ao pé do altar do teu regaço,  
Vendo a lua rubir, muda, alumando o espaço,  
En balbuciava a minha infantil oração,  
Pedindo ao Deus que está no azul do firmamento  
Que mandasse um alívio a cada soffrimento,  
Que mandasse uma estrela a cada escuridão.  
Por todos eu orava e por todos pedía.  
Pelos mortos no horror da terra negra e fría,  
Por todas as paixões e por todas as magoas...  
Pelos míseros que entre os nivos das procellas  
Vão em noite sem lua e n'um barco sem vellas  
Errantes ó travez do turbillão das aguas.  
O meu coração puro, immaculado e santo  
Ja ao throno de Deus pedir, como inda vae,  
Para toda a mudez um pano do seu manto,  
Para toda a miseria o orvalho do seu pranto  
E para todo o crime o seu perdão de Pae!...

A minha mãe faltou-me era eu pequenino,  
Mas da sua piedade o fulgor diamantino  
Ficou sempre abeçoando a minha vida inteira,  
Como junto d'um leão um sorriso divino,  
Como sobre uma forca um ramo d'oliveira!

Todos aqueles señores que con iste boletín reciban unha nota adxunta, prégaselles moi encarecidamente se sirvan pôrse ó corrente na suscripção.

POR UNHA VEZ

# Carta aberta

Señor Director de A NOSA TERRA

**P**RÉGOLLE dea pubricidade a estas liñas: No boletín *Vida Gallega* de Vigo, apareceu unha gacetilla aldraxante, cobardemente aldraxante pra min.

N'ela se dí con cativa intención que eu teño pedido «bombos» ô director d'aquel boletín. Cantos me conecen saben o enemigo que son de loubas e gabanzas e que sempre que autuo públicamente fágoo por imperativo categórico do deber.

Minte Xaime Solá. Este pregóume moitas veces, con difrentes motivos, que eu lle mandase o meu retrato. Resistíame.

Unha d'elas foi cando nomeouseme Presidente da Asociación da Prensa da Cruña. Tanto mo pregóu entón, que xa por non desairalo mandeille, en troques do retrato, unha caricatura miña xenial feita por Bagaria. E temendo que baixo d'ela puxera esas gabanzas sin xeito nin medida que acostuma a poñer, acompañei co-a caricatura unha nota sinxelamente informativa, na que falaba dos presidentes que tivera a Asociación hastra min e dos traballos que ocupaban a miña atención. Mais a secas; sin ningún adxetivo.

Cando a Asambreia do ferrocarril da Costa, na que traballei con fondo entusiasmo cívico e cando a fundación das «Irmaduras» volvéu a pedirme o retrato, con encarceramento cheo de verbas agasalleiras. E mandeillo. Mandeille un retrato meu, cativo, cortado d'un grupo, porque somente duas veces na vida—je xa fai anos!—retrateime soio. Pro inda denantes de mandarllo, díxenlle que millor que o meu, sería o d'outros mais merecentes d'homenaxe.

¡Que sacrificio meirande non ten que sere o d'aparecer nas páxinas de *Vida Gallega* onde sairon fotografiados tantos calqueras! Antre outros, dependentes nosos cujo mérito era o de habere organizado unha comparsa d'antroido!

Dos «bombos» que Xaime Solá me dou pol-a sua conta, nada teño que falar. Aló él. Nin llos pedin nin llos agradezo. Que me deixaron sin frío nin calore, próbao o feito de que insisteu pra que tomase parte n'unha *enquête* que fixo sobr'as «Irmaduras», e non escribin nada. ¡E si s'axeitaba aquilo pra o hábil «autobombo»!

Dos bombos que me pideu a min o patriota e desintresado autor d'unha serie d'artigos con grabados louband'o Brasil, precisamente cando en España se facía unha campaña contr'os malos tratos de que eran ouxeto nosos conterraneos n'aquela Repú-

brica americana, non falo, ¡inda que podía facelo con autógrafos á vista!, porque coído que non é propio de cabaleiros, pase o que pase, entregar á pubricidade o que se lle confiáu ô amigo.

Eu teño tres cousas que estimo com'o meu millor tesouro: falla de vanidade, que supón nobre orgulo; honradez grande, cristiãña, pública e privada, e consecnencia nos ideaes dende que teño uso de razón, pol-a que fixen sempre e sigo facendo sacrificiós.

¡Esprito aldeán! As miñas loitas fono de cote urbanas. Os meus xeitos de traballo e

estudo na sombra prácida do lar, antre libros seleutos, lonxe do balbordo do vulgo.

¡Home fracasado! Non deixei de conseguire unha soia das cousas que me propusen conseguire na vida. ¡Nin unha soia! Sen dúbuda porque endexamais arelei ningún querer que estivese fora do meu poder. ¡Son exempro do optimismo razonabre!

Pro abonda xa. En resume: nunca pedin un bombo a ninguén. Din bombos a moitos que m'os pidiron. Entendo que ningún galeguista debe escribire en *Vida Gallega*. Que me ten sin cuidado canto diga Xaime Solá, porque en Galicia todos nos conecemos. E derradeiramente, que minte de maneira cobarde *Vida Gallega* cando di que eu lle pidin «bombos» e que non estáu disposto a tolerar parvadas de ninguén.

A. VILLAR PONTE.

Na Cruña a 27 d'Abril de 1918.

## LEMBRANZA

Â sombra deleitosa do arboredo,  
Nun rincuncho, do bosque, linda nena,  
Paréce-me te ollar, e pon-me ledo  
Tua image gentil, doce, serena;  
E gozo maginándome ao teu lado  
Pol-a tua sorriso enfeitizado.

De Mayo o sol ridente en limpo ceo  
Brila esmechante, e da florida rama  
Sal recendente ulido... ¡Ah! meu recreo  
Foi, cantas veces, (coma quen ben ama),  
Facer no teu louvor verso infinito,  
Deixar nos liros o teu nome escrito.

Mas con todo ¡oh peñar! de tí non oyo  
Soal-a meiga voz, nin, meu encanto,  
Da mente me sai-che istante un soyo,  
En toda parte o teu recordo santo  
Connigo forte está. ¡Ay, que ligeira  
Voache, coma un ave pasageira!

Duro o dardo d'amor teño cravado  
Na fondura do peito, e así, choroso,  
Longe de tí e presa do cuidado  
Estóu na soledá que ao congoxoso,  
Triste destino meu, no incerto giro,  
Dar non sabe siquiera ni un suspiro.

E chega en tanto a noite caladiña  
E a reina lua no elevado asento,  
Rodeada d'estrelas, veu agiña,  
E seu rayo de prata languicento  
As árbores do bosque vai bicando,  
Pol-o seu verde cerco s'escoando.

E meu pranto cesa. Amargo loito  
O corazón m'encobre je que me resta?  
Amar, sufrir, gemer, da dór o froito  
Que por todo o meu ser se manifesta.  
¡Ay, encantos, eternos trunfadores,  
Canta espiña non gardan vosas flores!

Eu vos teño na ardente fantasía

Presentes sempre, e nada vosa ausencia  
Importa para mín, que ben eu vía  
Que o tempo engolidor, con incremencia,  
Da jornada felis da miña gloria  
Deixaría non mais que unha memoria.

Si, que, meus días venturosos presto,  
Pra non volver, largaron. Non puideron  
Meus ais retrasar seu fin funesto.  
¡Albres formosas qu'estas terras deron,  
Ter compasión de mí! Sede piedosas  
Como fustes e sodes deleitosas.

E vosoutros, polós que vos erguedes  
Sobre miña cabeza, de ramallos  
Vizosos guarnecidos; que estendedes  
Follage darredor; nestes traballos  
Un arrimo me sea vosa rodeira,  
Benina cubrición agarimeira.

¡Adios, Amor! Aquí as frechas tuas  
Ja non me alcanzarán. Neste recollo,  
Das vítimas que son de africiós cruas,  
Â sombra pousarci no seu acollo,  
E sepulto en mais graves pensamentos  
Poderei-me ben rir dos teus intentos.

¡Pero que nova desazón agora  
sc apodera de mín? Oyo unha fala  
Interior que me dí, agrumadora:  
—«Tolo infelis, escoita, sinte e cala.  
Nada o home dispón en forma estabre.  
So rege a lei do incerto e do mudabre.

»Unha resolución que foi primeira  
Diante foge de un outra que, mais tarda,  
Ten mais forza e valor por ser postreira.  
¡E cuidas ter do acougo a salvagarda,  
E que será de sólida firmeza  
Infringir esa lei da natureza?»

FLORENCIO VAAMONDE.

DE MIN PRA VOS

## SI TE PORTAS BEN...

XOSÉ Manteiga, rapaz de aspirazóns e que arelaba un porvir mais fermoso e cómodo qu' o que podía abranguer na aldea onde fora nado, emigróu pr'a Habana.

Sin outro arte nin oficio qu' o de traballar na terra, e sin mais conecimentos da vida qu' os que puido haber adequirido no seu currunchio, con vinte pesetas no peto e unha milloada de proieitos no maxin, pensóu, cavilóu, recapacitóu, e por moitas voltas que lle daba, non atopaba negocio en qu' empregal-os cartos, nin choio ond' os ganare.

Tiña un veciño. E o que ten un veciño na América e vai onde a él en atopo d'axuda, e com' o que xoga á lotería en atopo de cartos, ou toma chechulate pr' atopare os efectos d' unha purga.

El non sabía istas cousas e foino a vere. Seu veciño tiña un *chinchal*, unha pequena fábrica de tabacos ou xarutos, onde traballaban il sua dona Fransica e sua filla Consolo, na confeizón dos mesmos.

Seu veciño chamábase Antón Pérez e creíano ou non, tiña os seus aforriños, os que non baixarían de oito ou nove mil pesos. Non hai por que dubidal-o. A industria do tabaco é unha das mais ricas de Cuba. E il, Fransica, e Consolo, eran donos d' unhas mans d' ouro pra enlial-os xarutos.

Chegóu Xosé á casa do seu veciño i-entrando até o mostradore ó fitare na parte d' adrento unha preta e unha mulata, sacóu a gorra e mormulóu avergoñado:

—Disimulen, pois parezme que veño trabucado.

—¿Que deseaba uté, señol?—preguntóulle a preta.

—Vive eiquí Antón Pérez?

—Si que vive, si señol, ¡como nol

—E logo non istá na casa.

—No etá, ma entre uté si quiele, que ahoritica mimo vendrá. Yo soi su mugé.

—¡Vosté!—eiscramóu Antón ó se enterare de que seu veciño casárase co-un anaco de carbón con vida.

—Yo, compae, yo... ¿Le fíama a uté la atención?

—Non siñora, non—contestóulle Xosé rañando a chola e tratando de botarlle un remendo á rachadura que fixera no amor propio da preta—. ¡Como non tiña conecimento de que fora casado, pois... eistrañóume, eistrañóume nada mais, é verdá.

—Pué yevamo ya veinte año junto, y cada día que pasa, meno podemos comé aguacate el uno sin el otro.

—Auga, auga qué, dixo?—preguntóulle noso paisano meio estoupando por se rir e

ollando qu' a mulatiña, rapaza d' unhos daza-seis anos, d' isas que se estan caendo da arbore como din por aló, botáballe cada ollada que parecía decirlle coma din eles:—Ai galleguito santo, por tu madresita, ¡mátame!

—Aguacate. E una fruta que no é fruta, y e que la come una vé quea convidao pa comel-a toa la vida.

En isto entróu Anton na tenda, e ó enterárese de quen era a visita, doulle unha aberta moi forte, e mandándó entrare, persentóulle á preta como muller, e a mulatiña como filla.

Dend' o momento en qu' o persentóu reinóu entre todos unha gran fraternidade como si foran conecidos de sempre. Perguntado si lle gustaría o adeprender a xaruteiro, e contestare il que sí, alí ficóu n-aquila casa com' un mais da familia.

Ordeado pol-o mesmo Antón, foi sua filla Consolo a encarregada de insiñare a Xosé o xeito d' enlialos xarutos pirmeiro, e d' enlial-os seus corazóns mais tarde. Isto sin qu' o ordeara Anton.

Hachábase Xosé encantado da vida. Aquila condanada mulata metéraselle drento da alma; e nai non lle notaba desexo que

non lle cumprira; e Antón, porcatándose de que tiña no veciño un próisimo bon operario, era eispréndido e xeneroso co-il até mais non podere.

Fuxía o tempo, e asina com' o tempo fuxía, os querereres de Xosé e Consolo, tomaban mais carta de natureza.

Unha noite que sentados en abanadeiras á porta da casa hachábanse moi prêto un do outro falando cousas que tiñan de sere moi docés ó xuzgare pol o qu' apertábanse as mans, Xosé perdendo sin dúbida o conecimento ou atopándó, colléulle a chola pol-as sens, e doulle un beixo nos labres, tan longo, tan longo, que si non é qu' o pai lles berra dend' a porta: ¡Abondal, pra min qu' aínda a istas horas istábanse beixando.

Como ficaron os namorados ó sentire a vos de Antón, vostedes poden decatárense. Mandóunos entrare, e xa drento da casa púxose diante d' iles, e botóulles a siguiente monserga:

—¡Témol-a boa! Non diredes que non vos vñ. Eu non métome en que vos querades, mais isos feitos enxergueredes que non están nin pouco ben, ¿Querédesvos? ¡En boa hora sexa! ¿Vos queredes casare? O mesmo digo. Agora ben, e isto dígocho a tí Xosé: Cásate cando queiras, mais non te esquezas d' isto que che vou decire. Si te portas ben, casaraste co-a filla de Antón Pérez, mais si te portas mal, casaraste co-a filla da preta Fransica... ¡Fai como vexas!...

RICARDO CARBALLAL.

## Efemérides galegas

## ABRIL

Día 21

1503. Segunda batalla de Seminara, cuya brillante victoria debéuse ao general galego D. Fernando de Andrade.

Día 22

1524. Avenencia no preito que sustiña a Colegiata da Cruña con D. Fernando de Andrade, sobre beneficios curados que este posuira.

Día 23

1811. O Consello da Regencia acorda que se estabreza en Galicia unha fabrica de moeda.

Día 24

1906. Morre en Santiago o distinguido artista e literato D. Urbano González Varela. A sua composición titulada *Foi ela* é unha das mellores con que conta a poesía galega.

Día 25

1520. Abrense as Cortes na Cruña no convento de San Francisco, pronuncian-do un discurso o bispo Mota.

Día 26

1895. Solenes eisequias no Ferrol pol-os náufragos do cruzador *Reina Regente*.

Día 27

1799. Sal do Ferrol a escuadra mandada pol-o general Melgarejo levando as tropas do general D'Farril para o projectado desembarque na Irlanda.

Día 28

1788. Istitución do Concello de Ferrol.

Día 29

1772. Morre en Sevilla o arcebispo galego D. Felipe Gil Taboada.

Día 30

1493. Sal da Gran Canaria para Tenerife a escuadra do conquistador Alfonso Fernádes de Lugo.

## Portugal e Cataluña

NON s'adoita a ollar frecontemente istes dous nomes xuntos. Parece que tanto na xeografía como na historia percísalles un lazo d'unión, ou ben un nome qu'os compoña xuntos con outros n-un todo: a Península hispánica. Mais dentro d'ela, o mesmo elemento que persidéu sucesivamente a súa composición e descomposición política, ô unilos diferenciounos, e ô separalos uneunos n-un conceuto de diferenciación consigo mesma.

Cando Castela asuméu a integrazón política de toda a Península española, debéu atender a que n-ela había unha España atlántica, unha España central ou interior, e unha España mediterránea; e cando por non sere capaz de fundir n-un os tres elementos, veu a descomposición, Castela reconocéu n-un solo conceuto diferencial de si mesma a Portugal e Cataluña. E, aínda qu'a diferenciación chegase a todas as consecuencias políticas na unha e na outra a non tantas e tan resoltamente: na aparencia, o feito espiritual era idéntico, e ista é a esencia qu'unha hora ou en outra determina o feito eisterior.

Oxe como onte, na Península hispánica, por derriba ou por debaixo das fronteiras ou non fronteiras políticas, atópanse tres familias nacionaes ben definidas pol-o seu falar: a galaico-portuguesa, a castelana e a catalana, qu'ocupa tamén as islas Baleares: son a España atlántica, a España central, e a España mediterránea. Són tres zonas xeográficas, tres faixas verticais e paralelas d'outo a baixo da Península hispánica. Algún do reconecimento d'iste feito natural sabería e podería arrancar toda unha política peninsuar, ben seguro que donaría a España a gloria e o benestar dos pobos que viven de conformidade á lei da súa natureza.

Entramentras isto non é aínda unha realidade e a fin de qu'os sexa, convén, pois, qu'as tres nazóns hispanas conózanse e trántense intimamente: non pra probaren de dominárense as unhas ás outras ou de fundírense n-unha soia cousa lúbrida e pol-o tanto impotente e infecunda, sinon, ô contrario, por faguérense ben conscentes da individualidade de cada unha, educándoa, fortalecéndoa; pra reconocérense mutuamente as variadas cualidades ou defeutos, e pra inxenírense en aporveitalas ou en suplil-as unhas coas outras, formando eisí unha franca irmandade sin receios e toda ateigada de fiducia.

Pois ben: nosoutros e os portugueses non nos conocemos. E a fé que conviña que nos conocéramos, porque somos os dos dous

mares, i-é ben seguro que tiñamos de decirnos moitas cousas. Unhos e outros temol-os dous grandes camiños do mundo pra España, e os dous linguaxes teñen unha fonda semellanza de dozura, coa variedade que nace das craras ondas do Mediterráneo por unha beira, e das mais escuras e dilatadas do Atlántico pol-a outra. Istes ars de mar téñense d'atopar por derriba dos secos

~~~~~

## Os sucesos de Narón foron inxustificados

Os derradeiros sucesos sangüentos desarrolados en Narón, foron unhos sucesos sin pé nin fundamento. Un pobo que como aquil non ten de que se queixare; un pobo que vive como quen di en Xauxa, non debéu de chegare ô que chegóu, a rebelárese contr'o dono e señor que non tiñan nin teñen, non ten nome.

N-aquil curruncho de Galicia qu'é un dos moitos paradisos da nosa terra, cheos cicais os que n-il viven de santa felicidade, sentiron pulos de rebeldía; non porqu'a tal fora percisa, sinon por decatárense da emoción que produce un pobo esfameado e oprimido loitando contr'o tirán.

Temos datos, datos xustificativos e contundentes recollidos en *La Voz de la Liga* do Ferrol, que botan pol-o chan cantos argumentos poñan en contra os veciños de Narón. A amnistía non chegará a eles como non chegará ôs de Nebra e outros pol-o xeito, porque non hai lei qu'os asista nin defensa que lles valla. E mais, a non teñen. Non poden tel-a.

Xa veredes como púdranse seus hosos n-unha triste masmorra; xa veredes como as voces do pobo, dos seus irmáns, non raxarán os aires pedindo qu'os ceiben. Xa veredes com'as vítimas vivas, non clamarán pol-as vítimas mortas. Os da aldea porque con razón teñen medo; os das vilas porque sin razón loitan separados d'istos.

Os obreiros, isos eternos loitadores, defensores de todas as boas cousas, móstranse cós labregos, frios, despegados. Eles, eternos defensores do oprimido, non lémbrense d'isas vítimas do caciquismo que lonxanos da civilización non teñen leies qu'os amporen nin irmáns qu'os defendan. Nas

chans casteláns e infiltrarlles un pouco da humedade salobre, pra faguere un ambiente xéral peninsuar que sexa por todo mais respirabre do qu'é agora. O ar enrarecido do deserto central ten de faguer que naturalmente os dous ventos do mar se precipiten e s'atopen, oreando toda a Península. Ista atraución natural e benfautora, por darriba dos outos chans de Castela, foi de cote pensada, e soio circunstancias históricas, qu'oxe parecen desaparecer, poideron contrarrialas.

XOAN MARAGALL.

suas petizóns d'amnistía, son poucas, moi poucas, as agrupazóns obreiras que teñen unhos verbes de consolo, d'irmandade pr'os labregos caídos.

¿Queredes ver como en Narón, i eisí como en Narón en casi toda Galicia, portestan os labregos sin razón? ¡Ehí van probas!

Fixádevos todos n-iste estado de comparación que eispoñemos, e veredes que folgan os comentarios:

Cuota de consumo que pagaban no 1915 Cuotas de 1918

### Nomes de concexaës:

|                                                                     |       |      |
|---------------------------------------------------------------------|-------|------|
| Joaquín Montero Rodríguez, fabricante de xéneros de punto.          | 11'55 | 8'70 |
| Manuel Rico Rodríguez.                                              | 14'85 | 9'76 |
| José Pazos Freire, comerciante de ultramarinos, carteiría e estanco | 7'72  | 1'92 |
| Cipriano Villanovo, propietario.                                    | 14'52 | 6'63 |

### Nomes de labregos:

|                           |       |       |
|---------------------------|-------|-------|
| Antonio Rodríguez Presas. | 55'70 | 70'00 |
| Ramón López Pita.         | 76'50 | 110   |
| Juan Fortúnez Piñón.      | 32    | 42'80 |
| Andrés Lagoa Pantín.      | 12'60 | 50    |

~~~~~

Na administración d'A NOSA TERRA temos á venda o libro de poesías DA TERRA ASOBALLADA de Ramón Cabanillas.

Prezo 1'50 pesetas.

~~~~~

## ANACOS DE PAROLA

## AS DUAS UNIDAES

Os afás eisibicionistas de certo parlamento *pour rire*, acólito d'isa especie de comunión de vivos que se chama o patriotismo, deron ocasión fai poucas datas ó desbordamento do *chin chin* patriótico. Todol-os unitaristas; os homes de cerebro simplista, inaxeitado pra o moderno pensar e concebir; os monopolizadores, n-unha verbe, do españolismo de Marcha de Cádiz, ergueron a súa voz e a berros—qu'è como eles falan de cote—entonaron unha vez mais a truculenta cantilena do separatismo e o sagro himno da unidade de España.

¡A unidade d'Español Nós realmente non sabemos aínda o que con tales verbes pertende decirse, que clas d'unidade é aquela a que s'alude. Mais dende logo coidamos qu'isa unidade, que fai enronquecer a forza de berros as gorxas dos labercos da política ou dos inconscentes da cidadanía, é a actual unidade da morte que, com'unha soma

fatídica, pesa oxe sobor dos destinos de España entenebreceíndoa, asoballándoa, condenando fatalmente a un mesmo xénero de morte—a vergoñosa morte da inanición e da impotencia—a todo o conxunto de pobos qu'integran a península, cousa que sucería moi axiña, sinon fose qu'antre eles hai algunhos nos que ven latexando o formento vital d'un nazonalismo salvador. E iste nazonalismo salvador, obrando a xeito de reconstituyente n'algunhas das partes que compoñen o orgaismo anquilosado da unitaria monarquía española, é o que ten de trague-re, coa salvación d'aquelas partes que seguindo a lei das masas homoxéneas ou homoxeneizadas perecerían irremisiblemente, o restabrecimento e a volta á vida d'aquelas outras que, por si mesmas, endexamais lograrían abrangueren a perda da súa condición de partes mortas qu'as caracteriza.

¡Unidade española! Unidade española si,

pro qu'isa unidade non s'asente, como agora sucede, derriba da negación de libertades qu'os pobos peninsulares, sentíndose oprimidos e asoballados, recraman con insistenza e con forza cada vez mais crecente. Qu'a unidade qu'eisista sexa feita a forza d'irmandade e d'igualdade antre todol-os pobos, nunca, como agora ven ocorriendo, a fase d'hexemonía d'un determinado, o que ven a orixinar xenreiras e disgustos eispricabres facilmente e naturalmente lóxicos. Unidade sí, moita unidade, pro que ninguén poida sentírese magoado dentro da súa propia casa ollando como mans alleas tratan de pousarse sobor de cousas que lle sexan propias. Mais craro aínda, que cada un teña dereito a gobernarse como mellor axeitado séxalle sin ter que sufrir a vergoñosa humillazón d'aguantar imposicións eistranas.

Pro agora ben, tal unidade, ista unidade pol-a que nós tamén peitaríamos, si ela eisistise, ollándoa en perigo, non é a que fai enronquecel-as gorxas dos patrioteiros da Marcha de Cádiz. A d'istes é cousa moi difrente. N-ela reina a uniformidade mais compreta e o amorfismo mais ausoluto. E a unidade do vasallaxe e a sumisión a Castela; da abdicazón da propia persoalidade; do illamento e a renunciación a Europa; da sumisión ó bárbaro imperativo fatalista, de xeito musulmán, qu'obriga a deixarse morrer sin unha queixa, sin a mais lixeira protesta, porque o morrer *hachábase esquirto*... E contra d'ista unidade desvergoñada, forma sintética de rifeñismo, de miseria de desorgaizazón, de fame, e contra da que peitamos os que na yalma sentimos as acucias d'un Estado multiforme, grande, ateigado de puxanza mercede á libertade das difrentes nazonalidades peninsulares qu'oxe síntense apreixás, pro que n-un mañán non lonxano ollaránse ceibes dentro do conxunto armónico de pobos libres que teñen de constituiren a grande Iberia do porvir.

XAN QUINTO.

\*\*\*\*\*

## FOLLAS NOVAS

## "A SOEDÁ DO CAMPO,"

Poema por F. Salgado y López-Qulroga

*A*TE nós chegaron as primicias d'unha nova composición poética saída do fecundo númen do autor da «Leenda d'un probe», e de novo o Sr. Salgado e López Quiroga volta a revelársenos como poeta fácil, galano, de fatura sinxela i-elegante, ó través da que s'olla un temperamento robusto de poeta.

É o poema que nos ocupa, mais que nada, un canto de xeito virxiliano, ateigado de dozura e d'entusiasmo, no que de cote

## RISADAS

POR ANTÓN VALCÁRCEL

¿De qué ris toleirona rapaza  
cando vés que pra tí mira un mozo?  
¿Por qué amostras teus dentes branquiños,  
por qué avival-a lus de ises ollos  
que alumean co-a mesma negrura,  
si contempra un rapás o teu corpo?  
N-ises días de festa en que luces  
os alaxes, da xenio o teu rostro  
de vizosa côr leda cuberto;  
e parés que che medra o alboroço,  
e semella que ris de máis gana  
si, ó chegares das xeiras ó corro,  
con envexa te miran-as mozas  
e con ansea te miran-os mozos...  
¿De qué ris toleirona rapaza?  
¿De qué ris?... Por sabel-o relouco...

Quizáis ris porque aniñas no esprito  
ilusións que son pan do teu gozo;  
quizáis levas no sér un anhelo  
que te empuxa ó pracer; tal ves sóio  
ese rir teu meigueiro é un pranto  
c'ó que fai conmovel-o teu rostro  
a friaxe de un cruel desengano  
do teu peito gardado no fondo,  
sin que as bágoas que quedan enxoitas  
das negreiras meniñas no fogo,  
cheguen nunca á sucarche as meixelas,  
logren nunca humildal-os teus ollos...  
¿Non me das nin siquiera unha fala?

¿Non contestas? ¡Meu Dios! Eu, afouto,  
intentéi descubril-o segredo  
das risadas puxantes de gozo...  
¿Non entende un enfermo do esprito  
o linguaxe da vida, que sóio  
é eispresión dos anhelos de dita  
á quentura xurdidos dos soños...

Rite, nena, namentras atopes  
na novés o sostén do teu gozo,  
ilusións que te empuxen á groria,  
anseas nadas de ideaes lumiosos...  
Rite sempre, relouca ridente  
cal-o año rebrinca entre os orxos,  
e e tua risa embargada no vento  
de unha axóuxere diga c'ó tono  
a forteza da tua alma brillante,  
como din as da mel bagoas de ouro  
o dulzor do panal de que foxen...  
Rite sempre, e ó sér melancólico  
que che diga que as doces risadas  
tran detrás as tristuras e o loito,  
non des crêto: xamáis lle contestes,  
si non é c'ó brilar dos teus ollos...  
co-a brancura dos dentes, folerpas  
que aniñaches dos labres no fogo...  
Que os enfermos do esprito non saben  
o que dí nas risadal-o gozo:  
son paxaros que teñen tolleitas  
as suas aás na friaxe dos mortos...

lateza un fondo amor á terra galiciana e no que percíbese un fondo sentimento de relixiosidade, a través de cuio sentimento o poeta deixa entrever as belezas incomparabres dos agros de Galicia.

Lêndo o poema chega o leutore a compeñetrárese de tal xeito cós versos qu'o integran e cō sentimento que movéu a pruma creadora, qu'a añoranza dá vida campestre, que como un vago leit motiv, háchase diluída n-eles, chega a apoderarse d'un, faguen-do niño no peito do leutor.

Como en «Lênda d'un probe» na «Soedá

do campo» resprandee a lixeireza dos versos e a brevedade do conxunto qu'obrigan a faguel-a leutura, unha vez escomenzada, d'un soio tirón.

De novo folgámonos oxe en poder testimoniariar ó Sr. Salgado o noso mais com-preto parabén pol-a súa recente obra, ó mesmo tempo qu'aproveitamos a ocasión pra decir-lle que xa é hora de que empresas mais árduas distraigan o seu fecundo maxín, d'abondo ben acreditado xa cōs dous en-saios de que falamos.

contradizóns o afán partidista, que preocu-pado pol-as loitas cotidianas, esquece o fon-do da razón que poida hachárese nas dou-trinas do adeversario. Mais, estonces, ¿por qué non combatía o erróneo e o fanático, reconecndo o xusto? E qu'ise señor socia-lista debe supôr anacrónica e reacionaria a autonomía. Xa, xa sabemos responderá qu'aceuta a autonomía. Pro si a autonomía, a nosa, a de Pi Margall, repersenta a oficia-lidade das línguas rexionales ou nazonales, o Parlamento particular e as leises propias, ¿por qué, entonces, combate ós vascos e ós catalás?

Responderá, seguramente, qu'os nazona-listas levan eiscesivas esencias conservado-ras ou teolóxicas, e novamente caerá en error. Denantes qu'os señores Aranzadi e Cambó, falou o señor Pi Guñer, castizamen-te federal, honradamente nazonalista, e de-fendéu o nazonalismo catalán.

Pol o visto, os nosos socialistas, n-ista como n-outras cousas, non sinten as preocu-pazóns europeas. A Internazonal, señor D. Indalecio Prieto, é a que con mais azo— a Internazonal aliada e a rusa, craro está— defende o principio nazonalista. E si en Ca-taluña aparece, como asegúrase, un partido socialista catalán, adherido á Internazonal, seición catalana, ¿no nome de qué repitirá diante él as súas razóns centralistas o señor Prieto, defendendo a propiedade nazonal do Estado unitario?

(Do xornal catalán *El Diluvio*.)

## ANACRONISMOS

CON un instinto que poderíamos calificar d'hidrófobo, pol-o apresuramento na acometida roedora, dous homes antípodos, un carlista, o señor Pradera, e un socialista, o señor Prieto, atacaron ó nazonalismo. Do carlista non nos eistrana. É a xenreira contra dos que van dispersando as vellas masas carlistas, suprantándoas pol-as nazonalistas en Vizcaia. Mais Prieto, ¿por qué vai a xun-tárese á ideoloxía arcaica d'un carlista?

Non comprendemos a iracundia d'un socialista contra d'un ideial nazonalista. El nega ó rei, ó exército, ás instituzóns históricas, á propiedade individual, mais ó chega-

re á patria deténse e proeita sobor d'ela aquela propiedade que denantes negaba. A patria pra él é algo acotado i-herdado, sin divisións nin renovazóns. Cabe unha trans-formazón da propiedade, mais non a da patria. Eisi, él, D. Indalecio Prieto, rechaza o dereito hereditario na terra e na industria, pro acétauo apricado á nazonalidade. E decir, que Pedro Velasco, castelán non pode ceder ós seus fillos o que ganou conforme ás leises sociaes vixentes, mais, en troques, reinvidica pra él D. Indalecio Prieto, de-reito a impôr a súa lingua e as súas leises.

Chegamos a crêr qu'o empuxa á isas

(4 FOLLETÓN DE «A NOSA TERRA»

### Nosos problemas educativos

Conferenza lida pol-o seu autor o docto catedrático i-entusiasta irmán Don JOHAN VIQUEIRA

non teñan un arma de loita na vida?—Fagamos que a teñan, fagamos canto poidamos pol-a educación profesional do povo na escola, pol-a formación d'os carpinteiros, ferreiros, labregos. Cando isto se realice no irán ós nosos probes emigrantes a sofriren dóres e males, loitando en notoria inferioridade n'outros países, pois homes que teñen patrias que lles insinaron o que precisaban, venceranos moitas veces na loita e obrigaranos a acollérense aos traballos piores.

Quixera ainda eu que a escola fixera mais. Nosos campos están espiritualmente probes, e d'aquí nasce a súa probeza física, porque por eles non pasa grandiosamente rungindo, o sopro do espírito. É preciso que circule por eles o batido espiritual da cultura. Conseguilo é unha misión da escola á que eu chamo a súa misión cultural. N'as escolas ruraes e n'as das pequenas vilas

deben fundarse bibliotecas, de ser posible circulantes, onde os viciños atopen libros e jornaes pra súa leitura, ilustración e entreteñimento, deben organizarse conferencias sob'os problemas agrarios e económicos do momento. O mestre ten de ser o conselleiro d'os galegos, d'os mais d'os galegos, en todas aquelas cuestións que se refiran aos seus intereses e a súa cidadanía. Como él non poderá facer tanto como desejamos lle seja encarregado, buscará axuda n'os discípulos mais adiantados e n'os viciños facendo asín entrar na escola totalmente o povo. E lembrémonos que esta cooperación pol-a escola, pol-a educación, ten de ser gèral e cobizamos ninguén seja alleo a ela e ao resto do insino. ¡Simples cidadaos científicos, técnicos, todos deben, en canto poidan, pensar na grande escola da que depende o porvir do seu povo.

#### IV

Nós, os que isto cobizamos, temos que erguermos a situación intelectual e económica d'os mestres pra que poidan cumprir a súa misión. Comenzo pois falando da educación profesional, pol-a formación d'os mestres chamados primarios. E un d'os

mais grandes erros que se padecen é pensar qu'os mestres primarios teñen unha misión mais elemental, mais singela que cumprir qu'os universitarios ou qu'os secundarios. Pol-o que indiquéi denantes a tarefa d'un mestre primario non é de ningunha maneira inferior á do profesor da Universidade. Aspiramos pois a darmos ao mestre primario unha preparación tan fonda como aos outros mestres, e enténdase, non a mesma, senon tan fonda, tan rica; orientada craro, na dirección particular exigida pol-a diversa especialidade. As escolas normaes pequenas e probes d'esprito por necesidade pol-a súa natureza, porqué n'elas respírase un estreito ambiente de clas, porque están limitadas pol-o estreito hourizonte histórico que preside desgraciadamente á formación do mestre, non responden aos nosos propósitos. Até os mais usados políticos declararon-as ineptas! Os mestres primarios deben formarse como os outros mestres na Facultade de Filosofía da Universidade, onde hacharán un traballo sólido, un hourizonte amplo e humano e unha maneira de romperen os actuaes e vellos prejuicios. Da dita Facultade de Filosofía a crearmos falarei mais adiante.

## Peneirando...

O xornal cruñés *El Ideal Gallego* qu' é católico - rexionalista - independente - xermanófilo, tivo un fracaso na custión do aqueloutro sin aramios.

Sentímol-o. Como católico fícalle o consolo de Deus; como xermanófilo o pésame do Kaiser; como independente qu' a chegar a verse soio; e como rexionalista unhas velhas costumes.



*El Noroeste* foi denunciado por un artigo que publicou sobor caciquerías do alcalde de Sada.

Vaia hom, érase tempo de que tal acontecera co-un xornal da Cruña. ¡Tiña de sere rexionalista!

LIT. E IMP. ROELL-CORUÑA

## Fábrica de Gorras

— E —

SOMBREIRERÍA

DE

Lois Fernández Vieites

San Andrés, 69 - 71 — A CRUÑA

### OBRAS NOVAS DE AUTORES GALEGOS

LINARES RIVAS: *Cuentos de amor y de amores*, 3'50 ptas.—A. REY SOTO: *La Loba*, 2 íd.—W. FERNÁNDEZ FLÓREZ: *Silencio*, 3'50 íd.—A. PÉREZ LUGÍN: *La Casa de la Troya* (7.ª edición), 4 íd.—SOFÍA CASANOVA: *De la revolución rusa en 1917*, 3'50 íd.

Véndense n'a librería de P. CUE & C.ª

Rúa Real, 49.—A CRUÑA

## Consultorio Médico-Quirúrxico

### J. Lastres

Consulta e tratamento d' as enfermidades en xeneral

ESPECIALIDADES

*Pel.* (incruso cáncer, lepra, lupus e úlceras atómicas).—*Peito, Estómago, Anemia*  
*Reumatismo, Artritis deformantes*  
*Neuralgias, Arterio-esclorosis*  
*Paralísis*

Electroterapia, Aeroterapia, Sueroterapia, Análisis

RAYOS X

Gabinete Fisioterápico: Consultas de 10 a 12

Tratamentos á prezo e horas convencionaes

Non se fai asistencia ós fogares

Praza d'Ourense, 2-1.º (esquiña a Picavía)

A CRUÑA

## ¡GUERRA AOS CALLOS!

Callos, sabaños e ollos de galo

cúranse co

## Bálsamo Oriental

Premiado con Medalla d'Ouro na Esposición de Buenos Aires

Fabricantes: Prudencio López e Fillo - Jerez.

Representante: Manuel Sánchez - A Cruña.

De venta n'as boas Boticas

## ICANAS Á FORA!

Cos productos premeados con Medalla d'Ouro en Buenos Aires e adoutados pol-o mundo enteiro

Aceite del Serrallo

— Y —

La Jerezalina

DE VENTA EN TODO O MUNDO

Únicos fabricantes: PRUDENCIO LÓPEZ E FILLO - Jerez.

Representante: MANUEL SÁNCHEZ - A Cruña.

## BALDOMIR

Pórase axiña a venda unha nova colección de melodías inspiradas en poesías de Rosalía, Curros, Cabanillas e Rey Soto.

## Cando vosté percise o SELLO YER

non pida xamais un *sello* pr' o DÔR DE CABEZA, porqu' eisí quen llo venda, fica en liberdade de darlle calquer *sustituto* ou *imitación*, razón pol-a qu' en moitos casos non daránlle o único e lexítimo SELLO YER, e sí outro calquera, cujos efectos serán sin valore, e non donaránlle o alivio que percisa.

Pida, eisixa vosté sempre o

## SELLO YER

que cura coma non hai porparado qu' o asomelle o DÔR DE CABEZA, DÔRES REUMÁTICOS, GRIPPE, DÔR DE MOAS E DE OUVIDOS e toda cras de dôres nerviosos.

Caixa co-un sello, soio costa 30 CÉNTIMOS.

Caixa co-unha ducia de sellos, 3 PESETAS.

DE VENDA EN TODAL-AS FARMACIAS E DROGUERÍAS

Faise cárrego de toda cras de traballos gráficos, en imprenta, litografía e fotograbado, así coma sellos de caucho

## A Papeleira Galega

FÁBRICA DE BOLSAS DE PAPEL

DE TODAS CRAS

BARRERA, 7

FOTOGABADO

A CRUÑA

Teléf. 434

NOVO LIBRO

Da Terra

asoballada

POESÍAS

DE

Ramón Cabanillas



De venda en total-as librerías e na administración d' *A Nosa Terra*.

Prezo: 1'50 ptas.

## FRÁBICA MECÁNICA

::: DE CALZADO :::

— DE —

## ANXEL SENRA

RÚA XUAN FLÓREZ

Depósito: Cantón Grande, 15

A CRUÑA

## FILLOS DE A. BARCELÓ (S. en C.) MÁLAGA

Cosecheiros, esportadores de viños seleitos da España, oxén, anisados, ron, coñac, etc.

Son os únicos donos das marcas de moito creto e sona chamadas

**ANÍS DOUS MONOS**

**RON LA LUCÍE**

**OXÉN SUPERFINO**

Pra encargos, na Cruña, rúa do Orzán, 144

## Automovilistas:

As mais fortes, millores e mais económicas cubertas, son as

# PALMER

Depósito xeneral en Galicia.

**Real, 20 -- A Cruña**

## NAZONALISMO GALLEGO

A NOSA AFIRMACION REXIONAL  
(2.ª EDICION)

Libriño ben imprentado nos modernos talleres da «Voz de Galicia» con xuicios e opinións de Rodrigo Sanz Porteiro, Banet, Fontenla, Calvo, Casares, etc., por Antón Villar Ponte.

Véndese a 50 céntimos. — Os pedidos faránse ó autor, no Rego d'Auga, 4-1.º — Cruña. — Os suscritores d'este boletín poderán adquirilo á metade do prezo sinalado.

## LABREGOS:

Si queredes encoutar a peste das patacas, vacelos (vides), hortalizas, etc., e dobrar a colleita d'aqueles pro **SULFATO DE COBRE** ductos, empregade o  
Pedide prezos e condicións ós

**Grandes Almacés de Ferretería, Vidros e Pinturas**

DE

**Romero Hermanos**

Concepción Arenal, 1 e 3; Iglesia, 90 e 92,  
e Canalejas, 77

**FERROL**

## H. LA PALOMA

— DE —

**Ramón Morandeira**

Este espréndido establecemento, situado no mais céntrico da poboación, axeitado á outura dos millores da súa cras, conta con espazosas e aireadas habitazons, boa e abundante mesa, un servizo puntual i esmerado, e asistencia facultativa pol-o enxebre e renomado doutor A. Otero.

Fonte de San Antón, 20 - Santiago

## LEUTORES:

Quen queira ter un traxe bóo e xeitoso, e que lle coste pouco diñeiro, qu'ó faga na xastrería de

**Xosé Varela**

**CIRCO, 16-BAIXO — VIGO**

## FRÁBICA DE BISELAR, GRABAR E DECORAR CRISTAL

Espeillos de Venecia e de tocador, lisos e biselados.

Rótulos grabados e vidreiras artísticas.

Lúas de grandes tamaños e grosuras.

Vidros impresos e de total-as cras.

Baldosas pra pisos.

**Narciso F. Pereira**

ORZAN, 76 E SOCORRO, 37 E 39

**A CRUÑA**

## FARMACIA «A SILVA»

Produtos nazonaes i-estranxeiros

Ortopedia en xeneral

**DEPÓSITO**

do Purgante ideal xaponés *Nazarnorima* (puramente vexetal) e do Selo analxésico *Gimen*.

N'esta casa háchanse á venda os *Produtos químicamente puros* do acrétado *Laboratorio de Gonzalo Formiguera*.

**GARANTANSE OS PREPARADOS**


**Silva d'Abaixo, 17 A CRUÑA**

Os esquisitos **VIÑOS** do

**VALLE DE MONTERREY - Ourense**

véndense no Rego d'Auga, 44

Probádeo, os que gustedes d'un bon viño de mesa.



## COMPAGNIE GENERALE TRANSATLANTIQUE

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

SERVICIOS DIREITOS DENDE O PORTO DA CRUÑA

### LINEA DE HABANA E VERACRUS

|                                      |              |
|--------------------------------------|--------------|
| Prezo en terceira á Habana . . . . . | Ptas. 298'60 |
| » » Veracrús. . . . .                | » 313'60     |

Facilitanse billetes de ferrocarril da Habana a Santiago de Cuba pol-o prezo de Ptas. 35.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Pra toda clás d'informes sóbor de datas de saída, precios do pasaxe e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

**D. Nicandro Fariña**

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

NOTA. — Quedan sin efecto total-as tarxetas de visita, pois non se deixa entrare a bordo.